

Acordamos:

1º Aprobar definitivamente o Plan de sectorización do predio SUND-VI Cedic.

2º Os promotores deberán elaborar un texto refundido do plan que inclúa todos os condicionantes establecidos na aprobación inicial, provisional e nos informes sectoriais, incluídas as fixadas no informe da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.

3º Comunicar este acordo aos promotores.

4º De conformidade cos artigos 70.2º da Lei 7/1985 e 92 da Lei 9/2002, proceder á remisión deste acordo á Administración xeral do Estado e á Administración da comunidade autónoma. Así mesmo, proceder á publicación deste acordo no *Diario Oficial de Galicia* e á publicación deste acordo xunto coa normativa e as ordenanzas do plan no BOP.

O Barco de Valdeorras, 11 de marzo de 2009.

Alfredo García Rodríguez
Alcalde

Anuncio.

SAT Godeval solicitou neste concello licenza municipal para a apertura dun local destinado a adega de elaboración e embotellado de viños e derivados en Xagoaza (ref. catastral 32010A017003090000XR), neste municipio, polo que, en cumprimento do disposto no Decreto 133/2008 polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, o expediente sométese á información pública polo prazo de vinte días hábiles, contados a partir do seguinte ao da aparición deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia* e no BOP, para que poida ser examinado na Secretaría deste concello e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

O Barco de Valdeorras, 12 de marzo de 2009.

O alcalde
Rubricado

CONCELLO DE BECERREÁ

Edicto.

Inetel, C.B., solicitou desta Alcaldía licenza municipal para proxecto de actividade para almacén e obradoiro de electricidade e telecomunicacións, que se situará no parque empresarial de Becerreá, parc. 15. Cumprindo o disposto no parágrafo 3, do artigo 8 do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, sométese a información pública por período de vinte días hábiles, co fin de que durante este, que comezará a contarse desde o día seguinte ao da última publi-

cación do presente edicto no BOP e no *Diario Oficial de Galicia*, poidan examinar o expediente, na Secretaría deste concello, as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas pola actividade que se pretende instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que se consideren oportunas.

Becerreá, 25 de febreiro de 2009.

Manuel Martínez Núñez
Alcalde

CONCELLO DA CORUÑA

Anuncio.

Na Sección de Licenzas da Área de Urbanismo da Coruña estase a tramitar expediente de concesión de licenza de apertura para a seguinte:

Actividade: venda e reparación de vehículos.

Situación: rúa Newton, 8 pbj.

Solicitante: *Sport Auto Galicia, S.L.*

Expediente: 544/96/2009.

E, en cumprimento do determinado no artigo 8.3º do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, sobre avaliación de incidencia ambiental, sométese a información pública durante un prazo de vinte (20) días.

A Coruña, 30 de xaneiro de 2009.

Alfredo Cerezales Fernández
Director de Área de Urbanismo

CONCELLO DE FERROL

Edicto.

O Concello Pleno, con data do 27 de novembro de 2008, acordou aprobar a proposta de suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas de parcelación de terreos, edificación e demolición durante o prazo dun ano para o ámbito do eixe verde, seguindo os ríos que desembocan na Malata, segundo o artigo 77 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación e protección do medio rural de Galicia, así como o estudo do dito ámbito para a elaboración da documentación de reforma do PXOM. Así mesmo, acordouse a contratación dos traballos de estudo do ámbito delimitado, a publicación dos acordos de estudo e a suspensión de licenzas no DOG, BOP e nun dos xornais de maior circulación da provincia, con notificación persoal aos peticionarios de solici-